



## Recomendacións inicio de curso

### Revisión de síntomas na casa

- Cada día, antes de saír da casa os pais/nais ou persoas adultas ao cargo do alumno/a realizarán unha autoavaliación que permita a identificación anticipada de calquera síntoma compatible co COVID. Para esta autoavaliación utilizarase o modelo de enquisa clínico epidemiolóxica que se describe no Anexo I do Plan de adaptación á COVID do IES O Couto no curso 2020-2021 que acompaña estas Recomendacións. Para formalizar o compromiso de realizar unha revisión domiciliaria diaria de síntomas cubrirase a Declaración responsable que acompaña estas Recomendacións.
- No caso de que se detectase algún síntoma compatible co COVID, o alumnado non acudirá ao centro e contactará inmediatamente co seu centro de saúde. Para estas faltas de asistencia non será necesario entregar ningún xustificante médico, abondará co modelo habitual de xustificación de faltas que se anexa a este documento. As faltas derivadas do COVID non contarán a efectos do protocolo de absentismo escolar.
- Se algunha persoa coa que o alumno tivo contacto nas dúas últimas semanas, sexa ou non do núcleo familiar, é sospeitosa de padecer a COVID, o alumno non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da súa proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ao equipo COVID do centro.

### Material de protección individual do alumnado

- O uso da máscara é obrigatorio. Desde o centro recomendamos o emprego de máscaras cirúrxicas ou FFP2. É obrigatorio, ademais, que cada alumno teña consigo unha segunda máscara de reposto, así como unha bolsa ou estoxo específico para gardala. Desde o centro recoméndase tamén que cada alumno traia con el un “kit COVID” individual que inclúa, entre outros elementos, un bote de hidroxel desinfectante e un paquete pequeno de panos de papel. Convén tamén que traia consigo unha botella pequena de auga para o seu uso particular. Recoméndase comprobar cada día que o alumno ou a alumna sae da casa con este material.

### Recoller o neno no centro se aparecen síntomas

- Se durante o horario lectivo un alumno ou unha alumna presentasen síntomas compatibles co COVID aplicarase o protocolo oficial: illar o/a alumno/a na aula COVID e avisar aos pais ou á persoa de referencia, que deberá acudir ao centro o antes posible para facerse cargo do/a alumno/a. Xa fóra do centro, solicitarán unha consulta co pediatra. Se o pediatra non tivese un oco para ese mesmo día, dirixiranse ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se o resultado do test fose positivo en COVID, a persoa afectada ou a súa familia avisarán ao equipo COVID do centro (Equipo COVID O Couto (988 391248/equipocovid@iesocouto.com)).